

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 13 DE OUTUBRO DE 2011,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se regula a presenza da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia na internet.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural, coa categoría de monumento, o Santuario da Nosa Señora do Refuxio A Divina Peregrina, no termo municipal de Pontevedra, na provincia de Pontevedra.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o protocolo de actuación en situacións excepcionais de contaminación atmosférica en Galicia.
- Acordo polo que se aproba a proposta do Plan Hidrolóxico de Galicia Costa e a elevación ao Goberno de España, logo do informe do Consello Nacional da Agua.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto do parque eólico Pedrarrubia, (concellos de Carballo e A Laracha) como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se aproban os plans de Zona Rural de Galicia en aplicación da Lei 45/2007, de desenvolvemento sustentable do medio rural, e do Programa de desenvolvemento rural sustentable PDRS 2010-2014.

INFORMES

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o seguimento da incorporación da vacina Prevenar ao calendario de vacinación.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe de conclusións sobre o proxecto INDCREA: *Galicia e as industrias culturais e creativas diante da axenda 2020*

A XUNTA APROBA O DECRETO QUE REGULA A PRESENZA DA ADMINISTRACIÓN NA REDE APOSTANDO POLA TRANSPARENCIA INFORMATIVA E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DAS REDES SOCIAIS

- *Busca facilitar aos usuarios o acceso á información e aos servizos que a Administración autonómica pon á súa disposición nos diferentes portais corporativos que se estruturarán baixo uns criterios comúns*
- *Avanza cara ao Goberno aberto facilitando a reutilización dos datos que xera a Administración pública por parte de cidadáns e empresas*
- *Impulsa o uso das redes sociais como canles de participación e interacción da sociedade coa Administración*
- *Garántese a accesibilidade aos contidos especialmente no caso dos colectivos con algunha discapacidade funcional*
- *Ordena a rede de portais corporativos integrada por preto de 300 páxinas web*
- *Supón un paso máis no proceso de modernización da Administración autonómica para mellorar a calidade do servizo ofrecido ao cidadáns acorde coas necesidades da eAdministración*

O Consello do Goberno galego aprobou hoxe o decreto que regula a presenza da Administración xeral do sector público na internet. O obxectivo do decreto, un dos primeiros que se elaboran no conxunto do Estado neste sentido, é garantir a transparencia informativa e impulsar a participación cidadá a través das redes sociais avanzando cara a un Goberno aberto.

É un paso máis no proceso de modernización da Administración autonómica para mellorar a accesibilidade dos cidadáns aos servizos e a información que Administración pon á súa disposición, acorde coas necesidades dunha verdadeira administración electrónica.

A presenza da Administración pública na Rede queda establecida baixo unha rede de portais estruturados arredor da web institucional www.xunta.es, a través do cal se poderá acceder á totalidade dos portais e servizos participativos da Xunta. No portal corporativo, que ten unha media de un millón de visitas ao mes, o usuario terá acceso a un catálogo de portais, un inventario estruturado por temas onde atopará máis facilmente o acceso ás 288 webs que ten actualmente á súa disposición.

Impulso do Goberno aberto e das redes sociais

O decreto establece as medidas para impulsar o uso das redes sociais e para avanzar en aspectos clave da eAdministración como a reutilización da información, a transparencia e a accesibilidade. O obxectivo é acadar o Goberno aberto, aquel que promove unha participación efectiva a través das canles sociais e que pon á disposición da sociedade, de maneira libre, os datos que se xeran no ámbito da Administración pública.

Este tipo de información (listas, bases de datos, informes...) posúe un grande interese e potencial para os cidadáns e empresas pola súa calidade e fiabilidade. Por unha banda, ofréceneselles aos cidadáns a posibilidade de mellorar a súa información e coñecemento sobre as actividades das institucións e, por outra, facilítaselle ás empresas o desenvolvemento de novos servizos e produtos.

O avance cara ao Goberno aberto supón un elemento xerador de emprego e riqueza ao abrir a posibilidade de novas oportunidades de negocio para emprendedores que poden crear novas aplicacións e prestacións con base nesta información. Ademais, aos axentes económicos e sociais poderán ter unha maior axilidade na toma de decisións ao dispoñeren de forma fácil e asequible de información administrativa, financeira e xurídica.

O decreto impulsa o uso das redes sociais como canle de diálogo, participación consulta e opinión, a través do cal recibir valoracións e suxestións sobre a planificación de políticas e a toma de decisións en todos os niveis de goberno. A Administración autonómica incrementou progresivamente a súa presenza nestas canles e actualmente arredor de 15 departamentos da Xunta teñen contas en redes sociais como Facebook, Twitter, Tuenti, Flickr, Youtube e Vimeo e o portal corporativo www.xunta.es conta con preto de 5.000 seguidores en Facebook e Twitter.

Para acadar un verdadeiro intercambio de información e unha comunicación fluída co cidadán, o decreto estipula o cumprimento dos criterios en materia de accesibilidade con especial atención ao acceso á información por parte dos colectivos con discapacidade funcional. Tamén regula os usos lingüísticos impulsando o uso do galego, que será a lingua de navegación por defecto e establecendo a publicación de contidos, polo menos, en galego e castelán.

Guía de políticas Web

Para conseguir unha coordinación efectiva da rede de portais o decreto define a Guía de políticas web corporativas, o documento que establece o conxunto de normas e directrices de homoxeneización no deseño, construción e posta en marcha das webs.

Así, os parámetros da Guía unificarán o modo de xestión dos contidos e servizos co obxectivo de facilitar á cidadanía o acceso a eles, asegurando ao mesmo tempo a visibilidade na internet das identidades dos departamentos ou organismos implicados.

Ademais, os portais empregarán estándares abertos e de forma complementaria estándares de uso xenralizado polos cidadáns para garantir a independencia na escolla de alternativas tecnolóxicas por parte da cidadanía. Referímonos á posta á disposición da sociedade, de maneira libre, dos datos de diferentes organizacións, fundamentalmente daqueles que se xeran no ámbito da Administración pública.

O CONSELLO DA XUNTA DECLARA BEN DE INTERESE CULTURAL COA CATEGORÍA DE MONUMENTO O SANTUARIO DA NOSA SEÑORA DO REFUXIO A DIVINA PEREGRINA EN PONTEVEDRA

- *A Consellería de Cultura e Turismo elevou ao Consello da Xunta o decreto polo que se outorga a declaración BIC para a capela da Peregrina de Pontevedra, un templo indiscutiblemente ligado ao Camiño de Santiago e que é un dos poucos exemplos de igrexa con planta central*
- *Tras recibir os informes favorables das diferentes institucións, propúxose declarar o santuario coa categoría de monumento e integrar no contorno de protección as rúas de acceso ao templo, as prazas e os edificios que poidan incidir directamente na apreciación do ben*
- *O Santuario foi levantado nuns terreos cedidos polo Concello de Pontevedra á Confraría da Peregrina fóra das murallas da cidade medieval e sitúase na Praza da Peregrina, onde o Camiño Portugués de Santiago entra no conxunto histórico de Pontevedra*

O Consello da Xunta vén de aprobar a declaración do santuario da Nosa Señora do Refuxio A Divina Peregrina, no concello de Pontevedra, como ben de interese cultural na categoría de monumento. A Consellería de Cultura e Turismo elevou ao Consello da Xunta o decreto polo que se outorga a declaración BIC ao santuario da Peregrina, un tempo ligado ao Camiño de Santiago e que supón un dos poucos exemplos de igrexas con planta central. No contorno de protección da capela da Peregrina intégranse as rúas de acceso ao templo, as prazas e os edificios cuxa modificación poida incidir directamente na apreciación do ben, na relación deste co seu contorno ou deteriorar a vista do monumento ou dende el.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural incoou en abril de 2011 o expediente para a declaración de ben de interese cultural, coa categoría de monumento, do santuario da Nosa Señora do Refuxio A Divina Peregrina. Con posterioridade, e vistos os informes favorables da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, do Consello da Cultura Galega, da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela e da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Pontevedra, así como dos servizos técnicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, propúxose a declaración BIC do monumento que foi aprobada hoxe.

A consideración da capela da Peregrina como un dos bens mais sobranceiros do noso patrimonio cultural xa foi posta de manifesto no ano 1979 pola Comisión Provincial para a Defensa do Patrimonio Histórico – Artístico, cando, na súa reunión celebrada o 12 de novembro, acordou elevar petición á Dirección Xeral do Patrimonio Artístico, Arquivos e Museos para a súa declaración como monumento histórico – artístico. En 1981 motivouse a importancia e significación da capela en dous puntos fundamentais, tanto pola súa tipoloxía, ao pertencer á exigua serie de capelas de plan central construídas en Galicia, onde o modelo se introduce moi tardiamente (S. XVIII), como por mostrar

antoloxicamente definidas as oscilacións que se producen no tránsito do Barroco ao Neoclasicismo en terras galegas.

En 1982, a inspección técnica do Ministerio de Cultura considera oportuna e conveniente a incoación de expediente de declaración como monumento histórico-artístico. Posteriormente, no ano 2001, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, reinicia o expediente. Perante a nova solicitude remitida polo Concello no ano 2008, os servizos técnicos analizan a documentación que obra no referido expediente e, con data do 5 de abril de 2011, emiten un informe favorable ao acordo de incoación.

Nosa Señora do Refuxio A Divina Peregrina

O Santuario foi levantado nuns terreos cedidos polo Concello de Pontevedra á Confraría da Peregrina fóra das murallas da cidade medieval e sitúase na Praza da Peregrina, onde o Camiño Portugués de Santiago entra no conxunto histórico de Pontevedra pola rúa da Peregrina, atravesando o que sería a muralla medieval polo paseo de Antonio Odriozola e a porta das Trabancas, denominada de Tui. A construción e a situación da capela está ligada indubidablemente ao Camiño de Santiago. A primeira capela construíuse en madeira en decembro de 1776. Dous anos despois, e no mesmo lugar, comezou a construción do templo actual o 18 de xuño de 1778, que rematou no ano 1796, sendo o encargado do proxecto o mestre de obras Antonio de Souto, quen contou coa colaboración de Bernardo José de Mier.

Construída en estilo Barroco tardío, de transición cara ao Neoclasicismo, ten como característica fundamental a utilización do plan central, formando parte do pequeno número de igrexas desta tipoloxía en Galicia. Ante a portada, o adro aberto sitúase a unha cota superior á das rúas. Está perfectamente delimitado por unha balaustrada de pedra que se creba en catro puntos do perímetro, nos cales se sitúan as escalinatas de acceso. Fronte á porta de entrada a balaustrada vese interrompida por unha fonte de triplo cano rematada por un arco carpanel sobre o que descansa unha figura de Teucro. Os tres canos verten as augas nunha pía situada no exterior do adro.

Delimitación do contorno de protección do BIC

Baseándose nos criterios de proximidade e relacións visuais intégranse dentro do contorno de protección da capela da Peregrina as rúas de acceso ao templo, as prazas e os edificios cuxa modificación poida incidir directamente na apreciación do ben e na relación deste co seu contorno e que poidan deteriorar a vista do monumento ou dende el.

No contorno de protección inclúense, por cuestións de relación visual dende estes espazos cara á capela, parte da rúa dos Soportais da Ferraría, a praza da Ferraría, a praza da Estrela, os xardíns de Casto Sampedro e a rúa de Benito Corbal, no tramo entre a rúa Daniel de la Sota e a praza de Ourense. Estes espazos quedan incluídos no ámbito do conxunto histórico e, independentemente da protección que lle corresponda como ben de interese cultural e de que as accións que sobre el se leven a cabo estean

encamiñadas á súa conservación e mellora, as intervencións que afecten estas áreas non deturparán a percepción do monumento e non alterarán a visión do conxunto que inclúe á capela.

Fóra do ámbito do conxunto histórico inclúense dentro do contorno de protección as rúas de acceso á praza da Peregrina (rúa Michelena, rúa da Oliva, rúa da Peregrina), e, xunto con estes espazos, as edificacións que os conforman. Nas rúas da Oliva e da Peregrina, en todo o seu traxecto, e nas rúas Michelena e Soportais da Ferraría, no último tramo, a visión do ben protexido pode verse dificultada pola existencia de carteis, sinais, paneis informativos e mobiliario urbano. É importante o coidado de todos aqueles elementos que se sitúan fóra da aliñación, sobrevoando ou ocupando o espazo público que poidan interromper a relación visual coa capela. É por mor da acumulación destes elementos (farois, carteis, bandeirolas) que se ve interrompida a que debería ser unha comunicación fluída entre a capela da Peregrina e a praza de Ourense e os xardíns de Castro Sampedro.

Nas rúas pertencentes ao contorno, os medianís adquiren nalgúns casos unha forte presenza nas perspectivas visuais, xa sexa dende o ben protexido ou cara a el. É por iso que a protección se estende mais alá da fachada das rúas incluíndo:

- Cun fondo de 25 metros (fondo máximo dos edificios existentes- agás a planta baixa- e maior que o fondo edificable) os edificios da fachada noroeste da rúa da Oliva no tramo dende a rúa García Camba ata a praza da Peregrina, co obxecto de poder regular o volume das edificacións e o tratamento dos medianís dos edificios que dan a esta rúa.
- Cun fondo de 24 metros (fondo edificable maior que o dos edificios) os edificios da fachada sur da rúa Michelena no tramo dende a rúa Gutiérrez Mellado ata a praza da Peregrina.
- Inclúese, ademais, dentro do contorno de protección, parte do quinteiro delimitado polas rúas Michelena, dos Soportais e Fernando Villaverde.

Así mesmo, inclúese o quinteiro delimitado polas rúas García Camba, da Oliva e Peregrina. Os edificios que dan fronte ás rúas Oliva e Peregrina inclúense co obxecto de regular o volume das edificacións, o tratamento dos medianís dos edificios que dan a esta rúa e aqueles elementos que poidan sobresaír das aliñacións da rúa. Respecto dos edificios que dan á rúa García Camba, a modificación do volume dos edificios podería afectar á percepción da capela dentro do seu contorno.

Descrición literal

O contorno de protección proposto queda literalmente referenciado mediante a cita dos predios catastrais e rúas polas cales discorre a demarcación detallada graficamente segundo o plano que se xunta (anexo II).

Para a delimitación do contorno de protección pártese do punto 1 situado na esquina nordeste do predio catastral 9479603NG2997N. Desde este punto, e coincidindo coas aliñacións cara ao sur da marxe oeste das rúas Cobián Rofignac e Daniel de la Sota, cruza a rúa da Peregrina ata o punto 2 situado sobre a aliñación á rúa García Camba da parcela catastral 9478016NG2997N, no cruzamento das rúas Peregrina e García Camba.

Segue a aliñación da rúa García Camba cara ao oeste e prolóngase esta liña cruzando a rúa da Oliva ata o punto 3, situado na aliñación da rúa da Oliva entre os predios catastrais 9278617NG2997N e 9278616NG2997N (nº 18 da rúa da Oliva).

Desde este punto segue a estrema entre as dúas fincas ata o punto 4, situado a unha distancia de vinte e cinco metros da aliñación.

Desde este punto o límite do contorno segue cara ao nordeste por unha liña paralela á aliñación da rúa da Oliva ata o punto 5, situado na intersección desta liña con outra liña paralela á aliñación que este quinteiro ten á rúa Michelena, e situada a 24 metros da dita aliñación.

Desde este punto segue esta liña ata ao punto 6 de intersección entre esta e a estrema da parcela 9278636NG2997N. Segue a liña do límite entre este predio e o predio 9278601NG2997N ata o punto 7, situado entre estas dúas parcelas na aliñación da rúa Gutiérrez Mellado.

Continúa sobre esta aliñación cara ao norte e prolóngase cruzando a rúa Michelena ata o punto 8, situado na esquina suroeste do predio catastral 9379224NG2997N e sobre a aliñación da rúa Michelena.

Segue esta aliñación ate o punto 9, situado na esquina suroeste do predio catastral 9379209NG2997N. Desde este punto segue pola estrema noroeste deste predio ata o punto 10, situado entre o predio catastral mencionado e o 9379208NG2997N, no cruzamento coa rúa dos Soportais da Ferraría.

O límite do contorno de protección atravesa esta rúa e continúa desde o extremo sur da parcela catastral 9380617NG2998S coincidindo coa aliñación deste quinteiro á praza da Ferraría ata o punto 11, situado na esquina suroeste do predio catastral 9480223NG2998S.

Segue a aliñación deste predio e dos predios catastrais 9480222NG2998S e 9480221NG2998S. Ao chegar á esquina nordeste deste último predio catastral cruza ao punto 12, situado na esquina do predio catastral 9480908NG2998S.


Desde este punto segue coincidindo coa aliñación deste predio e do predio 9480907NG2998S á praza da Estrela. Esta liña prolóngase e cruza o paseo de Antonio Odriozola ata a fachada da Delegación de Facenda, onde se sitúa o punto 13.

Desde aquí segue a liña da fachada cara ao sur e segue coincidindo a delimitación do contorno de protección co límite da parcela catastral 9479601NG2997N cara ao leste, ata o predio catastral 9479602NG2997N (igreja de San Francisco), onde se sitúa o punto 14.

Continúa cara ao sur primeiro e despois cara ao leste coincidindo co límite da parcela e bordeando a parcela 9479610NG2997N polo oeste e o norte, a parcela 9479609NG2997N polo norte e o leste, a parcela 9479608NG2997N polo oeste e o norte e as parcelas, 9479607NG2997N, 9479606NG2997N, 9479605NG2997N e 9479603NG2997N polo norte, ata chegar ao punto de partida (1).



ANEXO II



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN SITUACIÓNS DE CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA EN GALICIA

- ***O obxecto deste protocolo é establecer os mecanismos de actuación para comunicar ás autoridades responsables e á poboación afectada no menor tempo posible as superacións dos limiares de información ou de alerta establecidos para o dióxido de xofre e o dióxido de nitróxeno e para o ozono***
- ***O regulamento será de aplicación durante todo o ano no ámbito territorial de Galicia, as 24 horas dos 365 días do ano***
- ***A calidade do aire en Galicia pode ser cualificada como excelente, segundo os datos contidos no Informe de Calidade do Aire en Galicia 2010, pero a nova normativa nace para situacións excepcionais***
- ***Os estados de atención requiren operativas de carácter interno dirixidas aos responsables máis directos da xestión e control da calidade do aire e atmosfera***
- ***Os estados de alerta están dirixidos á poboación, con aviso ás autoridades, concellos, complexos industriais e outros departamentos pertinentes***
- ***A desactivación do protocolo será efectiva cando se dispoñan de evidencias firmes de que a situación reverteu a niveis de concentración normais na área de acción***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de acordo polo que se aproba o protocolo de actuación en situacións excepcionais de contaminación atmosférica en Galicia. O organismo responsable do control da calidade do aire en Galicia é a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pertencente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Concretamente, é a Subdirección de Investigación, Cambio Climático e Información Ambiental quen, a través da Rede de Control e Vixilancia da Calidade do Aire do Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia, vixía en tempo real as concentracións de contaminantes no aire. No citado laboratorio xestiónanse os resultados obtidos polas medicións realizadas nas estacións de control de aire de que dispón o territorio galego.

O obxecto deste protocolo é establecer os mecanismos de actuación para comunicar ás autoridades responsables e á poboación afectada no menor tempo posible as superacións dos limiares de información ou de alerta establecidos para o dióxido de xofre e o dióxido de nitróxeno e para o ozono. Tamén se engade a este obxecto a adopción dunha serie de medidas para garantir o control das situacións de risco e, no caso de superacións do limiar de alerta, que os valores de calidade do aire volvan aos limiares normativos, no menor prazo posible.

O dito protocolo dá cumprimento ás exixencias contidas na Directiva 2008/50/CE relativa a calidade do aire ambiente e a unha atmosfera máis limpa en Europa e ao Real decreto 102/2011, que a traspón.

O regulamento será de aplicación durante todo o ano no ámbito territorial de Galicia, as 24 horas dos 365 días.

Os órganos intervinientes neste protocolo son: Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, Dirección Xeral de Montes, Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e Secretaría Xeral de Educación e Ordenación Universitaria.

As partes implicadas no protocolo son: delegacións territoriais, concellos, industrias, portos, aeroportos, poboación en xeral e outros grupos institucionais de interese.

Tipos de emerxencias

As emerxencias agrúpanse en tres grande grupos:

- Superación dos limiares da información ou alerta en situacións de accidentes que orixinan un episodio moi puntual de contaminación atmosférica accidental: incendios forestais, urbanos, en vertedoiros, instalacións industriais ou aeroportuarias.
- Superación dos limiares de información ou alerta en situacións distintas das anteriores: contaminación industrial, urbana, natural ou transfronteiriza.
- Superación dos limiares de información ou alerta do ozono troposférico (derivado de emisións industriais ou dos coches).

Operativas que se van seguir

A Consellería de Medio Ambiente sinala que as operativas que se poñen en marcha nunha emerxencia se determinarán en función dos niveis de actuación.

Por unha parte, defínense os estados de atención, que requiren operativas de carácter interno dirixidas aos responsables máis directos da xestión e control da calidade do aire e atmosfera en xeral. O obxecto desta operativa é coñecer en todo momento a evolución da situación.

Os responsables do laboratorio comprobarán, en primeiro lugar, a validez do estado de atención, asegurándose de que o equipo está a medir correctamente. En segundo lugar, comunicarase a superación dos limiares de información establecidos.

O protocolo de activación será interno:

- Os técnicos de calidade do aire validan os datos e, en caso de superación do nivel de atención, seguirán a evolución da concentración dos contaminantes cada hora.
- Todos os membros do equipo de actuación quedan á espera de recibir información adicional sobre a evolución dos valores de contaminación.
- Con esta información a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental procederá a desactivar o nivel 1 do protocolo de actuación, ou ben comunicará ás consellerías implicadas da activación do seguinte nivel 2.

- Para o caso do ozono, a Consellería de Medio Ambiente informará a poboación sobre a superación do limiar e a previsión para as seguintes horas.

Por outra parte, existen estados de alerta dirixidos á poboación, con aviso ás autoridades, concellos, complexos industriais e outros departamentos pertinentes. Nas comunicacións, ofrecidas polo gabinete de prensa, inclúense actuacións e prohibicións concretas.

O obxectivo desta segunda fase de actuación é informar a todas as autoridades e complexos industriais da necesidade de poñer en funcionamento as medidas activas e tratar de corrixir esta situación de risco sobre a saúde da poboación.

O proceso que se seguirá será o seguinte:

- Notificar á Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública e a Dirección Xeral de Emerxencias a activación do estado de alerta, nivel 2.
- Convocar a Comisión de Calidade do Aire para tomar decisións e determinar accións
- Como resultado desta reunión, o gabinete de prensa da Consellería de Sanidade emitirá un comunicado con recomendacións para a situación.
- A Dirección Xeral de Emerxencias porase en contacto cos equipos de actuación e dará as instrucións precisas.
- Os complexos industriais, portos e aeroportos serán informados da situación de alerta por parte da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.
- A Axencia Galega de Emerxencias e a Subdirección Xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde recibirán notificación e procederán a executar accións de intervención.
- Os concellos, Protección Civil e o Sergas disporán das infraestruturas necesarias para asistir á poboación.
- A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental realizará informes de evolución do contaminante e remitirao a todos os entes citados anteriormente.

Desactivación do protocolo

A desactivación do protocolo farase efectiva cando se dispoña de evidencias firmes de que a situación reverteu a niveis de concentración normais na área de acción. Para isto, teranse en conta os modelos de predición da contaminación xunto coa tendencia dos valores medidos pola rede, así como os condicionantes significativos para a desactivación.

No caso de que se trate da situación de estado de alerta, pasarase previamente polo nivel de atención, antes de dar por suspendida a situación de risco.

Cando a situación que activou o protocolo de atención remita, o técnico de control da Área de Calidade do Aire comunicará a nova situación inmediatamente. A información de desactivación do protocolo publicárase na páxina web da Xunta.

O aire galego, excelente

A calidade do aire en Galicia pode ser calificada como excelente, segundo os datos contidos no Informe de Calidade do Aire en Galicia 2010, que resume os datos anuais da calidade do aire comprendidos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano 2010.

Os valores de concentración rexistrados nas estacións que conforman a Rede Galega de Vixilancia da Calidade do Aire, tanto nas urbanas como nas industriais, rurais ou de fondo, de carácter fixo e móbil, ao longo do ano 2010 cumpriron con todos os requisitos definidos pola lexislación aplicable para manter unha axeitada calidade do aire nas súas aglomeracións urbanas (A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Pontevedra, Vigo, Lugo e Ourense) e no resto das zonas que conforman o noso territorio.

O PLAN HIDROLÓXICO GALICIA-COSTA PROHÍBE NOVOS OBSTÁCULOS NOS RÍOS DESTINADOS A APROVEITAMENTOS HIDROELÉCTRICOS E PRIORIZA O SANEAMENTO PARA ACADAR O BO ESTADO DAS AUGAS NO ANO 2015

- *O Consello de Goberno da Xunta aprobou a Proposta de Plan Hidrolóxico Galicia-Costa, cun investimento superior aos 1.000 millóns de euros, e culmina así a súa tramitación autonómica*
- *Planifica e ordena a xestión da demarcación Galicia-Costa, que supón máis do 10% dos recursos hídricos do Estado*
- *Os traballos desenvolvidos para a elaboración do plan abranguen unha superficie de estudo de 13.000 quilómetros cadrados, definíndose 462 masas de auga superficiais e 18 subterráneas*
- *Achouse que un 70% das masas de auga superficial están en bo estado, o igual que a totalidade das augas subterráneas da demarcación*
- *Para garantir que o resto das masas de auga alcancen o bo estado ecolóxico o plan reserva entre 2011 e 2015 418 millóns de euros destinados a mellorar os sistemas de saneamento, o que supón unha das partidas máis importantes*
- *O Consello da Xunta na súa reunión de hoxe aprobou o texto deste plan, no cal se manterá unha política prudente e cunha clara vontade de restrinxir ao máximo os novos aproveitamentos hidroeléctricos*

A Xunta de Galicia vén de culminar a tramitación autonómica do Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa, coa aprobación desta proposta no Consello de Goberno celebrado hoxe. O Plan, que define máis de 600 medidas cun investimento ata 2015 superior aos 1.027 millóns de euros, queda agora á espera da súa aprobación por decreto no Consello de Ministros.

O Plan Hidrolóxico de Galicia constitúe a principal ferramenta de planificación, xestión e ordenación dos recursos hídricos de Galicia Costa e define a política que se seguirá en materia de augas. Os seus obxectivos principais son:

- Acadar o bo estado das masas de auga para o ano 2015 e promover o seu uso sustentable.
- Satisfacer axeitadamente as demandas de auga.

Os traballos desenvolvidos para a elaboración do Plan abranguen unha superficie de estudo de case 13.000 quilómetros cadrados, que constitúen o 44% do territorio e abrangue o 75% da poboación. A Demarcación Galicia-Costa ten grande importancia a nivel nacional, posto que supón máis do 10% de todos os recursos hídricos dispoñibles en toda Europa.

Galicia-Costa conta cun recurso de 11.532 hm³/ano, dos que só 678 están regulados, un 6%, moi baixo comparado co 25% do Miño-Sil ou o 49% de España.

Definíronse 462 masas de auga superficiais e 18 subterráneas. Achouse que un 70% das masas de auga superficial están en bo estado, igual que a totalidade das augas subterráneas da demarcación.

Unha vez diagnosticado o estado das masas de auga, propuxéronse as medidas de recuperación para acadar os obxectivos marcados pola Directiva Marco da Auga para o 2015. Deste xeito, o propio plan inclúe un programa das actuacións concretas que as distintas administracións con competencias teñen que desenvolver, cunha programación anual. Deseñouse un programa de medidas realista e adaptado á realidade económica, procurando que fose executable. Destaca que unha das principais dificultades desas masas de auga na nosa demarcación son as deficiencias nos sistemas de saneamento, polo que esta partida é unha das máis importantes canto ao investimento económico, cunha previsión entre 2011 e 2015 de 418 millóns de euros. Entre estas actuacións de saneamento e depuración atópanse as accións dirixidas á protección das rías, as das grandes depuradoras ou a depuración planificada no Plan Umia, entre outras.

A proposta do plan aprobada hoxe contempla tamén medidas para mellorar o abastecemento á poboación. Para esta segunda cuestión, mobilízanse 75 millóns de euros dentro do Plan Auga.

Zonas protexidas

A proposta do Plan Hidrolóxico Galicia-Costa recolle tamén un Rexistro de Zonas Protexidas, no cal se inclúen todas as zonas declaradas obxecto dunha protección especial en virtude dunha norma comunitaria específica, relativa á protección das súas augas superficiais ou subterráneas ou á conservación dos hábitats e das especies que dependen directamente da auga, así como outras zonas protexidas designadas polo Plan Hidrolóxico Galicia-Costa.

As principais novidades son a creación de zonas protexidas de captación de auga potable para consumo humano, que son aquelas captacións en que se detraen máis de 10 m³/día ou que abastecen máis de 50 persoas, e a delimitación de 13 reservas naturais fluviais.

Estas reservas naturais fluviais son zonas en moi bo estado, que están en condicións puras e que se protexen para evitar a súa deterioración, polo que as actividades nas bacías vertentes destas zonas van estar limitadas. Todas as zonas se corresponden con cabeceiras de ríos, xa que polas características da dispersión poboacional galega, nos cursos medios e baixos dos ríos resulta imposible atopar tramos de río que cumpran os condicionantes para seren declarados reservas naturais fluviais.

Defínense tamén unhas zonas de protección especial, nas cales haberá que prestar unha maior vixilancia ás actividades que se desenvolvan para non producir impactos negativos sobre as masas de auga, por seren tramos de interese natural, tramos de

interese ambiental, tramos de interese piscícola, zonas húmidas, e tramos que requiren protección especial debido á existencia de especies ameazadas.

Aproveitamentos hidroeléctricos

A normativa do Plan Hidrológico Galicia Costa será de aplicación unha vez que sexa aprobado por real decreto o plan. Este articulado concreta a regulación das actividades que se poden desenvolver na bacía, como é o caso dos aproveitamentos hidroeléctricos, para os cales se establecen criterios restritivos. Neste senso, en ningún caso serán obxecto de outorgamento aquelas solicitudes de novas concesións de aproveitamentos hidroeléctricos que supoñan a implantación de novos obstáculos transversais no leito dunha masa de auga superficial (presas). Aquelas solicitudes de modificación de concesións hidroeléctricas que impliquen a modernización ou mellora das infraestruturas xa existentes serán obxecto de valoración, sempre que non modifiquen o vaso de auga encorada.

Estas restricións obedecen a un cambio na perspectiva con que esta administración hidráulica debe exercer as súas competencias sobre a xestión dos recursos hídricos, acollendo a sustentable ambiental e social que existe actualmente sobre todo o ciclo da auga, que foi plasmada no acordo unánime de todos os grupos parlamentarios adoptado en sede parlamentaria.

Caudais ecolóxicos

O Plan Hidrológico establece que o réxime de caudais hidrológicos deberá ser determinado por métodos hidrobiolóxicos e estudos de campo, de modo que permita manter de forma sostible a funcionalidade e a estrutura dos ecosistemas acuáticos e dos ecosistemas terrestres asociados. Isto inclúe os caudais máximos e mínimos, e as chamadas taxas de cambio, ou modo en que se deben facer as variacións de caudal para que non se vexa afectada a vida que soporta o río. No momento en que os estudos determinen os caudais ecolóxicos, estes serán automaticamente incorporados ao Plan.

O contrato do servizo para a determinación destes caudais foi licitado o 12 de maio de 2010, cun prazo de 17 meses, e adxudicado o 1 de setembro por un importe de 611.728 euros. Na actualidade, os traballos están moi avanzados e prevese presentar os resultados no último trimestre deste ano.

Cómpre lembrar que o Plan establece que ata a finalización destes traballos e a determinación dos caudais ecolóxicos, será de aplicación o 10 % do caudal medio anual, tal e como se establece no regulamento da Lei de pesca fluvial de Galicia.


Información pública

A bacía Galicia Costa foi a primeira das da Comunidade Autónoma que rematou o proceso obrigatorio de consulta pública do Plan, período en que se presentaron 54 alegacións de distintos organismos, administracións e usuarios da auga. En España hai

que redactar un total de 26 novos plans hidrolóxicos de bacía, debido á entrada en vigor da Directiva Marco da Auga. Só Baleares e Cataluña elevaron o Plan ao Consello Nacional da Auga (que é o paso seguinte e inmediatamente anterior á aprobación polo Goberno central mediante real decreto).

A Xunta someteu este plan a un amplo proceso de participación pública e información, co fin último de acadar un Plan Hidrolóxico no cal se recollan as mellores solucións para a xestión da auga do territorio galego e que responda ás necesidades dos distintos usuarios.

A nova planificación hidrolóxica nace con carácter cíclico e continuado, exixíndose unha revisión completa e periódica do Plan cada seis anos. Ademais, existen informes intermedios para o control da evolución dos traballos, como o informe que se ten que presentar en decembro de 2012 sobre a aplicación do programa de medidas.



A XUNTA AVANZA NA IMPLANTACIÓN DE ENERXÍAS RENOVABLES COA APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EÓLICO PEDRARRUBIA

- ***Este parque, que se desenvolverá nos concellos coruñeses de Carballo e A Laracha, permitirá a instalación de 26 novos megavatios***
- ***O Goberno galego traballa a prol da recuperación do liderado eólico da comunidade, co obxectivo de contar con 6.500 megavatios de potencia eólica autorizada en 2012***
- ***O proxecto do parque eólico Pedrarrubia contará cun orzamento estimado de máis de 20 millóns de euros e permitirá a recadación de máis de 53.000 euros anuais do canon eólico***

O Consello da Xunta de Galicia vén de aprobar definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do parque eólico Pedrarrubia, nos concellos coruñeses de Carballo e A Laracha. Neste parque instalaranse 13 aeroxeradores cunha potencia de 26 MW, e contará cun orzamento de máis de 20 millóns de euros. A aprobación por parte do Consello da Xunta de Galicia supón o último paso na tramitación autonómica deste proxecto. A posta en marcha do parque eólico Pedrarrubia suporá a recadación de 53.300 euros anuais do canon eólico, cuxos principais beneficiarios son os concellos galegos.

Deste xeito, o Goberno galego avanza na implantación de enerxías renovables e continúa co desenvolvemento dunha estratexia enerxética baseada nas fontes autóctonas mais limpas e no aforro e a eficiencia.

A Consellería de Economía e Industria traballa a prol da recuperación do liderado eólico da comunidade, coa aprobación dunha nova lexislación que ten achegado grande seguridade xurídica ao sector e máis coa posta en marcha do Plan Re-Forza, ao abeiro do cal se desenvolveu un concurso eólico que se está a converter no maior plan industrial de Galicia. Ao mesmo tempo, o departamento que dirixe Javier Guerra está a dinamizar todas as tramitacións e iniciativas relativas á industria eólica.

O obxectivo da Xunta de Galicia é que antes do 2012 estean autorizados na nosa comunidade un total de 6.500 megavatios de potencia eólica. Aos parques xa existentes súmanse os 2.325 MW previstos no concurso eólico, que avanza na súa tramitación, así como cerca de 1.000 MW de parques anteriores ao proceso de adjudicación da Xunta que aínda non entraron en funcionamento, dentro dos cales se atopa o parque de Pedrarrubia.

A XUNTA APROBA OS PLANS DE ZONA DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE DO RURAL GALEGO, CUN INVESTIMENTO SUPERIOR AOS 170 MILLÓNS DE EUROS

- *Mediante un acordo en aplicación da Lei 45/ 2007, de desenvolvemento sustentable do medio rural e do Programa de desenvolvemento rural sostible PDRS 2010-2014*
- *Os plans delimitáanse en 12 zonas do rural galego e recollen diversas actuacións, que abranguen a dinamización turística, os saneamentos e abastecementos ou a mellora de infraestruturas viarias, entre outras*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo dos plans de zona rural de Galicia, que se desenvolverán en aplicación da Lei 45/2007, de desenvolvemento sustentable do medio rural e que se executa a través do Programa de Desenvolvemento Rural Sustentable (PDRS) 2010-2014.

Coordinados pola Consellería do Medio Rural, estes plans de zona supoñen un investimento total para Galicia que supera os 170 millóns de euros e que se desenvolverá en cumprimento do PDRS entre 2012 e 2016. A maior parte deste investimento será cofinanciado a partes iguais entre a Xunta de Galicia e a Administración Xeral do Estado. Distribuirase en diversas actuacións que van desde os sectores produtivos ata dotacións e servizos e que abranguen iniciativas de dinamización e promoción turística; de mellora das infraestruturas viarias; accións en materia forestal; saneamentos e abastecementos; mellora das dotacións para a terceira idade ou en materia de sanidade, entre outras.

O 19,97% do investimento destinarase a actividades económicas e emprego; o 34,72% a infraestruturas e equipamentos básicos; o 26,35% a servizos e benestar social; e o 18,96% a ambiente.

A través destas actuacións, os plans de zona perseguen fixar poboación no medio rural, con iniciativas que aumentan a calidade de vida e o benestar social, favorecendo a estabilización do emprego.

Previamente, en aplicación da devandita Lei 45/2007 delimitáronse 12 zonas rurais con distintos niveis de prioridade, que abranguen a práctica totalidade do territorio galego. Para cada unha desas 12 zonas elaborouse un plan concreto e creouse un órgano de participación e asesoramento, chamado consello de zona.

Esfuerzo investidor

Os plans de zona foron elaborados pola Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), despois de dous procesos de participación pública para a recepción de contribucións e achegas, durante os meses de marzo a xullo de 2011, superándose as 1.200 contribucións de todo tipo de entidades. Contan coa

colaboración de sete consellerías da Xunta de Galicia, nun importante esforzo investidor e de coordinación dos distintos departamentos.

Así mesmo, os plans foron sometidos a avaliación ambiental estratéxica, proceso que se culminou coa emisión das correspondentes memorias ambientais. Os plans galegos recibiron informe favorable, a pasada semana, do órgano de participación a nivel estatal, a mesa de asociacións, nunha xuntanza celebrada na sede do ministerio.

O convenio co ministerio pechará o proceso

A Xunta de Galicia realizou un importante esforzo financeiro para achegar o cofinanciamento necesario do 50% por parte da Comunidade Autónoma para o financiamento dos plans. A aprobación polo Consello da Xunta é un paso máis no longo proceso que culminará coa sinatura do convenio entre a Administración xeral do Estado e a Xunta de Galicia, despois de rematar o traballo a Consellería do Medio Rural. Correspóndelle agora ao Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño (MARM) dar os pasos para a conclusión do proceso.

GALICIA SEGUE A PROMOVER A VACINACIÓN FRONTE AO PNEUMOCOCO E ACADA UNHA COBERTURA DO 100% DA POBOACIÓN PROTEXIDA

- ***O obxectivo é evitar gran parte dos casos graves producidos polo *sterepcoco pneumoniae* do tipo de enfermidade invasora, como meninxites ou pneumonías, así como outras patoloxías moi frecuentes nos nenos como as otites e as sinusites***
- ***Galicia é a segunda comunidade autónoma en ofertar gratuitamente esta vacina á poboación infantil coa achega de 3,8 millóns de euros a este programa piloto***
- ***Todos os nenos que acaban de nacer; os nados dende xaneiro do 2010 e os rapaces ata os 5 anos pertencentes aos grupos de risco poden vacinarse gratuitamente en todos os puntos de vacinación infantil dos centros sanitarios públicos galegos***

Nos seus seis primeiros meses de funcionamento, o programa piloto de vacinación fronte ao pneumococo, posto en marcha dende a Consellería de Sanidade no mes de xaneiro de 2011, permitiu pasar dun 60% ao 100% de poboación protexida, polo que evidencia unha grande aceptación e demanda tanto por parte dos profesionais sanitarios como da poboación.

Esta iniciativa naceu co obxectivo de evitar nos nenos galegos gran parte dos casos graves producidos polo *Sterepcoco pneumoniae* do tipo de enfermidade invasora – septicemia, meninxites, pneumonías e infeccións osteoarticulares-, pneumonía non bacteriémica e derrames pleurais. Ademais, en menor proporción, evitará outras patoloxías moi frecuentes nos nenos como as otites e as sinusites.

A decisión de incluíla no Programa Galego de Vacinación, mediante un programa piloto, baseouse na dispoñibilidade dunha vacina moi adaptada aos serotipos circulantes na comunidade e á vontade da Xunta de paliar a inequidade no acceso a ela, xa que existía un 40% de nenos non inmunizados ao non poderen acceder ao pagamento da vacina de xeito privado.

A pesar da situación económica actual, Galicia segue investindo en sanidade e é a segunda comunidade autónoma, despois de Madrid, en ofertar gratuitamente esta vacina á poboación infantil. As medidas de eficiencia levadas a cabo en farmacia fan posible que o aforro sexa investido en iniciativas como esta.

Sanidade achegou 3,8 millóns de euros a este programa piloto de vacinación fronte ao pneumococo, nun total de 84.400 doses en dúas fases entre o 2010 e o 2011. Deste xeito, a consellería fai unha aposta decidida pola prevención.

Doutra banda, coa posta en marcha deste piloto reforzouse o sistema de vixilancia da Enfermidade pneumocócica invasiva (EPI) na nosa comunidade autónoma coa serotipación das estirpes de pneumococo responsables de todos os casos de EPI que ocorren en Galicia.

A través desta iniciativa, Galicia cumpre coas recomendacións dos expertos e das organizacións nacionais e internacionais. O Programa Galego de Vacinación mantén a súa obriga de incorporar aquelas vacinas dispoñibles que acheguen saúde á poboación, cumprindo criterios de eficiencia e oportunidade.

A Consellería de Sanidade continuará co programa piloto co fin de elaborar un informe final de resultados que achegará datos moi valiosos para Galicia e outras comunidades autónomas, cara a decisión final sobre se incluíla no calendario de vacinación infantil de maneira definitiva.

Poboación diana

A vacina antipneumocócica conxugada 13 valente (pv13), ten unha pauta, nos nenos que acaban de nacer, de 3 doses aos 2, 4 e 12 meses de idade para a inmunización activa fronte á enfermidade invasora, pneumonía e otite media aguda polo *S.pneumoniae*. En maiores de dous meses, a pauta adecúase á idade e circunstancias do neno.

Todos os nenos que acaban de nacer; os nados dende o pasado mes de xaneiro de 2010 e os rapaces ata os 5 anos de idade pertencentes aos grupos de risco (nenos con asplenia anatómica ou funcional, inmunocomprometidos ou con patoloxías cardíacas ou pulmonares crónicas, entre outras) poden vacinarse en todos os puntos de vacinación infantil dos centros sanitarios públicos e privados da comunidade.

GALICIA CONTARÁ CUN LABORATORIO PERMANENTE DE INDUSTRIAS CULTURAIS PARA A ANÁLISE E DESENVOLVEMENTO DO SECTOR

- ***Funcionará desde a Illa de San Simón coa participación da Agadic, o Consello da Cultura Galega e as universidades de Santiago, A Coruña e Vigo***
- ***A Consellería de Cultura e Turismo elevou ao Consello da Xunta o informe de conclusións do primeiro foro celebrado no marco do proxecto INDCREA, que congregou 50 profesionais e académicos internacionais***
- ***A diminución da dependencia das axudas públicas, a busca da rendibilidade das infraestruturas culturais ou o fortalecemento da reputacións das empresas son algunhas das claves apuntadas polo grupo de expertos***

Galicia contará cun laboratorio permanente de industrias culturais que se fundará a consecuencia do proxecto INDCREA, iniciativa promovida pola Xunta de Galicia e o Consello da Cultura Galega (CCG) desde a cal se perfilou este novo instrumento que contribuirá á análise e desenvolvemento do sector. Funcionará como un grupo de traballo estable, aberto a todos os axentes implicados e continuado no tempo, que terá a súa sede na Illa de San Simón e contará coa participación de académicos, investigadores e profesionais dos distintos ámbitos da cultura.

A Consellería de Cultura e Turismo elevou hoxe ao Consello da Xunta o informe de conclusións do foro celebrado entre os pasados 19 e 22 de setembro con motivo da posta en marcha de INDCREA baixo o lema "Galicia e as industrias culturais e creativas diante da Axenda 2020", que contou coa participación de máis de 50 especialistas na materia procedentes de 6 países europeos e americanos. A necesidade da creación e posta en marcha do laboratorio permanente de industrias culturais é unha das principais constatacións desa primeira actividade levada a cabo no marco de INDCREA. O encontro abriu, ademais, novos espazos de reflexión e diagnose sobre os escenarios de futuro das industrias culturais e creativas de Galicia como sector estratéxico cara a segunda década do século XXI e coa vista posta no programa de converxencia dixital da Unión Europea.

Aplicar as claves

No seu informe de conclusións, o proxecto INDCREA contextualiza e identifica as claves para situar a industria cultural galega a medio prazo nun lugar preferente do desenvolvemento económico e social do país. O laboratorio permanente de industrias culturais será o órgano responsable de aplicar esas claves na proposta ou na participación activa do deseño políticas culturais orientadas á xeración de riqueza, valor engadido e emprego.

O acordo resúmese en 18 puntos básicos, a partir da premisa de que o eido cultural adquire cada vez maior relevancia económica. En consecuencia, a política cultural adquire unha nova dimensión estratéxica con incidencia directa na cadea de valor.

Deste xeito, salientase a importancia que xoga a optimización de elementos como os novos medios tecnolóxicos, a transcendencia dos *clústeres* profesionais na redefinición de fontes alternativas de negocio e fórmulas de colaboración intersectoriais ou a conveniencia de fornecer a credibilidade e reputación das empresas para a súa competitividade en termos territoriais e económicos globais.

Outras conclusións abordan aspectos como a avaliación dos modelos de festivais, mostras e feiras culturais; a incidencia no desenvolvemento, promoción e distribución dos produtos culturais por riba mesmo da súa produción; ou a necesaria profesionalización en todos os ámbitos culturais para o deseño de programacións óptimas que repercutan de xeito positivo na propia industria e garantan a súa viabilidade.

Tamén se destaca a desexable minoración da dependencia das empresas respecto das axudas públicas, a asunción de criterios de rendibilidade e dispoñibilidade na xestión das infraestruturas culturais e a urxencia por atopar un punto de encontro -desde unha óptica tecnolóxica e non estritamente xurídica- entre o dereito de propiedade intelectual e o de acceso á cultura.